

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE MAIO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de maio de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado  
D. José Ramón Lorenzo Carou  
D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

### **Grupo municipal SON de Bergondo-Anova**

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)  
D. Eloy Babío Veiga

### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo  
D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D.<sup>a</sup> Noelia Fernández Ventureira (voceira)  
D. José Angel Vieiro Amor

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas

Foron asistidos pola interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos.

### **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES AOS PLENOS ORDINARIOS DOS DÍAS 30 DE MARZO E 27 DE ABRIL DE 2017.
2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -1º TRIMESTRE 2017-
3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.
4. PRÓRROGA DO CONTRATO DA CONCESIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DONA MARÍA PARDO FAFIÁN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 30.03.2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

7. ASUNTOS URXENTES.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

9. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, DNA, NOELIA FERNÁNDEZ VENTUREIRA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

### **1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES AOS PLENOS ORDINARIOS DOS DÍAS 30 DE MARZO E 27 DE ABRIL DE 2017.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias dos días 30 de marzo e 27 de abril, través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a ditas actas.

Non formulándose observacións, posta a aprobación as actas das sesións ordinarias dos día trinta (30) de marzo e vinte e sete (27) de abril 2017, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbanse as referidas actas.

### **2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -1º TRIMESTRE 2017-**

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

### **3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.**

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

### **4. PRÓRROGA DO CONTRATO DA CONCESIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 18 de maio de 2017, que transcrita literalmente di:

"Visto que o contrato administrativo para a prestación do servizo público de escola infantil municipal do Concello de Bergondo, do que é adxudicataria a empresa ESCUELA INFANTIL LOS PEQUES, SL, remata a súa vixencia o vindeiro 31 de agosto de 2017. Considerando o informe favorable á concesión dunha prórroga dun (1) ano, emitido pola Técnica de Apoio Social deste concello, M.<sup>a</sup> Luisa Vázquez Vázquez, o día 08.05.2017, en relación ao contrato mencionado.

Visto o escrito presentado no Concello o día 10.05.2017, con núm. 3479 do Rex. X. de Entrada, por D.<sup>a</sup> Paula Gundín González, en representación da empresa ESCUELA INFANTIL LOS PEQUES, SL, polo que manifesta a súa conformidade con esta prórroga.

Considerando o disposto no artigo 278 do RD Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), de conformidade co establecido na Base 10.<sup>a</sup> do Prego que rexe a contratación da concesión do servizo da escola infantil municipal, aprobado polo Pleno Municipal en sesión do 26.04.2012, e que a competencia para contratar é do Pleno conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda do TRLCSP, unha vez examinado o expediente, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Acordar unha prórroga dun (1) ano do contrato da concesión para a prestación do servizo público de escola infantil municipal, cuxa adxudicataria é a empresa ESCUELA INFANTIL LOS PEQUES, SL, que contarán a partir do 01.09.2017, de conformidade co establecido na cláusula 10.<sup>a</sup> do Prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria e convocala para a formalización da prórroga deste contrato.

Bergondo, 11 de maio de 2017 A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como di a propia proposta e o informe, e visto que non hai á día de hoxe motivos que non favorezan esa prórroga, senón todo o contrario xa que é un servizo que está funcionando ben, como dicía o outro día, relativo á cuestión que se lle podería imputar no tema do contrato, e polo tanto se propón esa prórroga dun ano.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: en base a que o funcionamento, segundo os informes que vimos, é adecuado, pois o meu voto é favorable a esa prórroga.

Sra. voceira do PP: despois de ver os informes é comprobar que non existen queixas da xestión desta empresa, o noso voto tamén vai ser favorable.

Sr. voceiro de VB: nós discrepamos; primeiro discrepamos porque os contratos, o de feito legal, o honorable é que unha vez que caducan non darlles continuidade senón volver a licitalos, para iso son os contratos e creo que todas as empresas do sector teñen dereito a apostar. Prorrogar simplemente porque os informes son favorables é unha decisión do Goberno, pero o legal, o honorable, sería que todos os contratos que chegan á súa finalización volver a licitalos, en tempo e en forma.

Sra. alcaldesa: non, non é así como vostede di, esa é unha interpretación que fai vostede. Os contratos cando no seu día e os pregos así manifestan esa posibilidade de prórroga, porque se non houbera a posibilidade de prórroga cando se aprobou o prego, entón xa non estaríamos nesta casuística.

Non é o primeiro contrato que se prorroga neste concello, e veñen a Pleno cando son de competencia plenaria; polo tanto, nin é mais legal nin menos legal, é unha facultade que existe ao día de hoxe, e polo tanto é cuestión valorable

perfectísimamente, a cuestión é que vostede lle queira rizar o rizo, e ao mellor encontrarlle algunha outra cuestión que a vostede lle interese, entón ben, se non está de acordo cunha prórroga porque cre que ao mellor o funcionamento non é correcto, perfecto, pero nada mais.

Sr. voceiro: ninguén está dubidando aquí de que a actual empresa funcione ben ou mal, o dixen ben claro ao inicio, so que neste concello, por desgraza..., ningunha lei obriga a manter as prórrogas, verdade? non hai unha norma escrita que diga que hai que consumir o contrato mais a prórroga, é unha decisión do equipo de goberno; o equipo de goberno, acaba vostede de propoñer ao Pleno prorrogar en base a un informe xurídico, que di que o fai ben, pois eu dígolle que tamén nese mesmo aspecto, se todo temos que facelo..., como vostede quere ser tan garantista, unha vez que se está caducando este prazo, esta caducando este contrato, licíteo, e non vaiamos todos os contratos de Bergondo, por desgraza, todos teñen prórroga e perdemos tempo; polo tanto, porque non licitalo?

Volvo a repetirlle, esta é a proposta da Alcaldía, eu podo estar totalmente de acordo con que o funcionamento de escola é correcto, pero non estou de acordo en que se esgote os procedementos segundo lle conveñan, nada mais, se lle parece ben....

Sra. alcaldesa: non é unha cuestión que conveña ou non conveña, é simplemente unha cuestión baseada unha vez mais nos informes e no bo funcionamento que está a haber, loxicamente se o contrato que estivese en vigor non estivese funcionando, non estaríamos falando de esta cuestión.

E non é unha decisión unicamente do equipo de goberno, porque acaba de dicir que neste caso a competencia é plenaria, e polo tanto é unha decisión do Pleno, e por iso está vostede votando.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o nos voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total dez (10) votos a favor e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **5. RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DONA MARÍA PARDO FAFIÁN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 30.03.2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 18 de maio de 2017, que transcrita literalmente di:

" Visto o recurso de reposición presentado por dona María Pardo Fafián, con núm. de rexistro de entrada 3022 do 19.04.2017, contra o acordo plenario do 30.03.2017, sobre recoñecemento de compatibilidade, no que alega que as condicións nas que se lle outorgou a compatibilidade para o exercicio do cargo de concelleira no Concello de Sada en réxime de dedicación parcial, no acordo plenario do 30 de marzo de 2017, contradice a regulación contida no artigo 75.6 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que establece: "6. A efectos de lo dispuesto en el artículo 37.3.d) del Estatuto de los Trabajadores y en el artículo 30.2 de la Ley 30/1984, se entiende por tiempo indispensable para el desempeño del cargo electivo de una Corporación local, el necesario para la asistencia a las sesiones del pleno de la Corporación o de las Comisiones y atención a las Delegaciones de que forme parte o que desempeñe el interesado."; en canto ao recoñecemento do dereito que lle ampara á atención da Delegación de que forme parte ou desempeñe.

Visto o informe emitido pola Secretaria do Concello o 26.04.2017, no que se establecen nos seus fundamentos de dereito segundo a sexto, e nas súas conclusións, o seguinte:

"...**SEGUNDO.** A normativa reguladora ven recollida fundamentalmente no artigo 75 da Lei de bases de réxime local e artigos 1, 2, 3, e 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Dos antecedentes obrantes no expediente administrativo, a funcionaria municipal desempeña o cargo de concelleira do Concello de Sada en réxime de dedicación parcial, co seguinte horario: luns, martes e mércores, de 16:00 h a 20:00 h.; xoves de 18:00 h. a 21:00 h.; e venres de 16:00 h. a 21:00h., segundo se reflicte na documentación remitida por dito Concello.

A xornada de traballo no Concello de Bergondo, a desempeña no seguinte horario, autorizado por Resolución da alcaldía núm. 1139/2016, do 16 de novembro: luns a venres de 8:30 a 15:00 horas e os xoves de 15:15 a 17:45 horas.

O **artigo 75. 2 e 6 da LBRL** establece:

#### "Artículo 75

(...) 2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.

Los miembros de las Corporaciones locales que sean personal de las Administraciones públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes solamente podrán percibir retribuciones por su dedicación parcial a sus funciones fuera de su jornada en sus respectivos centros de trabajo, en los términos señalados en el artículo 5 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado sexto del presente artículo.

(...) 6. A efectos de lo dispuesto en el artículo 37.3.d) del Estatuto de los Trabajadores y en el artículo 30.2 de la Ley 30/1984, se entiende por tiempo indispensable para el desempeño del cargo electivo de una Corporación local, el necesario para la asistencia a las sesiones del pleno de la Corporación o de las Comisiones y atención a las Delegaciones de que forme parte o que desempeñe el interesado.(...)

Os **artigos 1, 2, 3, e 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas**, dispoñen:

Artículo primero.

1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño, por sí o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma.

A los solos efectos de esta Ley se considerará actividad en el sector público la desarrollada por los miembros electivos de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, por los altos cargos y restante personal de los órganos constitucionales y de todas las Administraciones Públicas, incluida la Administración de Justicia, y de los Entes, Organismo y Empresas de ellas dependientes, entendiéndose comprendidas las Entidades colaboradoras y las concertadas de la Seguridad Social en la prestación sanitaria.

2. Además, no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel ni ejercer opción por percepciones correspondiente a puestos incompatibles.

A los efectos del párrafo anterior, se entenderá por remuneración cualquier derecho de contenido económico derivado, directa o indirectamente, de una prestación o servicio personal, sea su cuantía fija o variable y su devengo periódico u ocasional.

3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia.

Artículo segundo.

1. La presente Ley será de aplicación a:

(...) c) El personal al servicio de las Corporaciones Locales y de los Organismos de ellas dependientes.

2. En el ámbito delimitado en el apartado anterior se entenderá incluido todo el personal, cualquiera que sea la naturaleza jurídica de la relación de empleo.

Artículo tercero.

1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley sólo podrá desempeñar un segundo puesto de trabajo o actividad en el sector público en los supuestos previstos en la misma para las funciones docente y sanitaria, en los casos a que se refieren los artículos 5.º y 6.º y en los que, por razón de interés público, se determine por el Consejo de Ministros, mediante Real decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma, en el ámbito de sus respectivas competencias; en este último supuesto la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.

Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de la jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos.

**En todo caso la autorización de compatibilidad se efectuará en razón del interés público. (...)**

Artículo quinto.

1. Por excepción, el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño de los cargos electivos siguientes:

(...) b) Miembros de las Corporaciones locales, salvo que desempeñen en las mismas cargos retribuidos en régimen de dedicación exclusiva.

2. En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas."

**TERCEIRO.** En primeiro lugar, e como regra xeral, o desempeño dun posto de traballo, polo persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 53/1984, será **incompatible** co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, que poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.º.3): sentenza do Tribunal Supremo do 04.05.1985, reiterando a consolidada doutrina xurisprudencial, anterior á vixente Lei 53/1984, de 26 de decembro (SSTS de 29-3-80, 7-5-1980, 16-6-1981, 15-6-1981, 14-12-1982, 4-1-1983, 27-5-1983, 22-7-1983, etc.).

A Lei, no seu artigo 1.º, senta o principio xeral (STS do 15-10-1993) de que non pode simultanearse o desempeño de dous postos de traballo, cargo ou autoridade no sector público e, ademais, non se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo as presupostos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes, entendéndose, a estos efectos, por remuneración «calquera dereito de contido económico derivado, directa ou indirectamente, dunha prestación de servizo persoal, sexa a súa contía fixa ou variable e o seu devengo periódico ou ocasional».

Por outra banda, a xurisprudencia moi sensible á conducta do funcionario público ten sinalado que a finalidade da incompatibilidade encóntrase en reforzar a credibilidade dos servidores públicos, pois «no hace falta que exista una dedicación exclusiva del funcionario, para justificar la declaración de incompatibilidad pronunciada por el Ayuntamiento [...] pues, **aún sin la exigencia de exclusividad puede y debe decretarse la incompatibilidad cuando, como aquí sucede, el ejercicio privado profesional del recurrente colisiona, por interferencia, con las obligaciones de su cargo oficial** (la dirección de una obra que ha de ser informada, para el otorgamiento de la pertinente licencia, por la Dependencia u Oficina técnica arquitectónica a que debe estar adscrito), **sin que sea preciso que sea él el que precisamente tenga que evacuar el informe por existir más personal en tal misión, incluso algunos con titulación superior, al perseguirse con estas incompatibilidades, no sólo eliminar situaciones reales de pérdida de la debida independencia y neutralidad en la función, sino también evitar peligros de que ello pueda producirse, o alejar simples sospechas, porque, como preceptúa el art. 82 de la Ley de Funcionarios Civiles del Estado de 7 de febrero de 1964, el desempeño de la función pública será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, cuando esto "impida" o "menoscabe" el estricto cumplimiento de los deberes del funcionario; precepto este que ha sido de aplicación en la Administración Local por remisión del art. 328 de la Ley de Régimen Local de 24 de junio de 1955 y del art. 37 del Reglamento de Funcionarios de las Corporaciones Locales de 30 de mayo de 1952.**

(...) **Se trata, con estas limitaciones, eminentemente preventivas, de reforzar la credibilidad en las personas que desempeñan funciones públicas, lo que permite, en sus actuaciones, establecer la presunción de su objetividad e imparcialidad, decisiva en tantos supuestos en los que hay que pronunciarse partiendo de un conjunto de dictámenes o informes contradictorios, según refleja la jurisprudencia en**

**múltiples casos.** De paso, todo esto contribuye a preservar la moralidad administrativa, de cuyo control ya se encargó el Consejo de Estado francés, como han puesto de relieve diversos tratadistas, pues, aunque se haya dicho que el derecho es "el mínimo ético", materias como la que nos ocupa merecen incluirlas en ese mínimo insoslayable.» (STS de 25-11-1985).

**CUARTO.** Aínda que a normativa legal (LBRL e Lei 53/1984) non é clara e semella contradictoria, sí é certo que o recoñecemento de compatibilidade por mor do desempeño do cargo de concelleira con dedicación parcial noutro concello, ao abeiro do disposto no artigo 5.2 da Lei 53/1984, é unha **excepción especial á regra xeral que é a incompatibilidade**, polo que a xuízo desta informante debe ser interpretado de xeito restrictivo, e consonte coas limitacións establecidas na devandita lei, que é a lei especial neste suposto, que regula expresamente o recoñecemento de compatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas, ou dito doutro xeito, excepcións á regra xeral.

Segundo dispón a súa disposición final primeira, os preceptos da Lei 53/1984, se consideran **bases do réxime estatutario da función pública, ditadas ao abeiro do artigo 149.1,18 da Constitución Española** (agás o artigo 17.1, disposición adicional quinta e disposición transitoria sétima)

Se hai obriga das dúas administracións de comunicarse, ademáis das retribucións, a xornada en cada unha delas, o é para que o exercicio dos postos/cargos respectivos non interfiran un noutro, tendo en conta que o beneficiario da compatibilidade está a cobrar dous soldos de orzamentos públicos, e coa prohibición clara do artigo 5.2 da Lei 53/1984, de que se poderán percibir retribucións por tal dedicación parcial, sempre que "a desempeñen fora da súa xornada de traballo na Administración"; de non ser así, non procedería o recoñecemento de compatibilidade.

Polo tanto, ao ter sinaladas as respectivas xornadas, deberanse desempeñar as tarefas propias de cada posto/cargo dentro da xornada desinada para tal efecto, e sen que en ningún caso, como prohíbe o artigo 3.1 da Lei 53/1984, no seu párrafo segundo, supoña modificación da xornada de traballo e do horario de cada posto; engadindo que **se condiciona a previa e expresa autorización de compatibilidade, ao estrito cumprimento da xornada e horario en ambos postos**, condición correctamente establecida polo Concello de Bergondo no seu acordo plenario do 30 de marzo de 2017, así como polo Concello de Sada no seu acordo plenario do 24 de novembro de 2016.

Aclarado este aspecto previo, a previsión contida no punto 6, do artigo 75 da LBRL, que parece contradecir as prohibicións sinaladas na Lei 53/1984, o é para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 30/1984, (equivalente ao actual 48.j) do TREBEP) sinalando qué se debe de interpretar por tempo indispensable do cargo electivo dunha corporación, pero a xuízo desta informante, sería aplicable nos supostos de que un empregado público resulte cargo electo dunha Corporación, e deba asistir ás sesións do Pleno ou Comisións *ou atención das delegacións* das que forme parte ou desempeñe, pero **non** nos supostos de detentar unha dedicación parcial, que require indispensablemente, a previa e expresa autorización de compatibilidade nos termos vistos nos parágrafos anteriores, polo que a dedicación a esa delegación, debe facerse na xornada e horario sinalado para tal fin, e autorizado na concesión de compatibilidade.

De feito, no Decreto do alcalde de Sada, núm. 1594/2016, do 04 de outubro, publicada no BOP núm. 208 do 03.11.2016, relativa ao nomeamento de dona María Pardo Fafián como membro da Xunta de Goberno, tenente de alcalde e delegada da Alcaldía, recóllese textualmente nos seus apartados 3º e 4º:

<<... 3.º. Nomear Concelleira delegada de Cultura e Praias á concelleira D.ª María Pardo Fafián, abarcando dita delegación o exercicio de todas as atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas e materias correspondentes e comprendendo tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entende feita sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno.

4.º. Correspondendo ao cargo de concelleiro delegado de Cultura e Praias o réxime de dedicación parcial nos termos dos acordos plenarios de 4-7-2015 e 29-9-2016, **fixase o seguinte horario para o exercicio de dito cargo: luns, martes e mércores, de 16.00 a 20.00 horas, xoves de 18.00 a 21.00 horas e venres de 16.00 a 21.00 horas...**>>

Como por outra banda, as funcións propias do seu posto de funcionaria no Concello de Bergondo, as desempeña dentro da xornada e no horario autorizado por Resolución da alcaldía núm. 1139/2016, do 16 de novembro: luns a venres de 8:30 a 15:00 horas e os xoves de 15:15 a 17:45 horas.

A xuízo desta secretaría, non pode ser outra a interpretación no caso de desempeño dunha dedicación parcial, xa que de non ser así, e se deixase acudir á funcionaria á atención da delegación que ostenta no Concello de Sada, sen ningún tipo de limitación como pretende a recurrente, dentro do horario e xornada de traballo no Concello de Bergondo, incumpríanse as prohibicións contidas nos artigos 1.3, 3.1 e 5.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, lei especial aplicable neste suposto, e que se consideran bases do réxime estatutario da función pública, ditadas ao abeiro do artigo 149.1,18 da Constitución Española.

A xuízo desta secretaría debe ser desestimada integramente a pretensión da recurrente neste punto.

**QUINTO.** Aspecto diferente son as asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte o empregado público (Pleno, Comisións Informativas ou Xunta de Goberno Local -aínda que non recollida esta última no artigo 75.6 da LBRL-), que a xuízo desta secretaría, sempre estaría amparada no artigo 23 da Constitución Española.

De feito, as sesións ordinarias das xuntas de goberno do Concello de Sada, segundo se indica no seu portal de transparencia, son o primeiro e terceiro xoves de cada mes, ás 16:00 horas, e as sesións das comisións informativas, a semana anterior ao pleno ordinario, os mércores a de Urbanismo e os xoves a Xeral, ás 16:00 horas, en horario coincidente co horario solicitado pola funcionaria municipal no Concello de Bergondo e concedido pola alcaldía na Resolución xa citada núm. 1139/2016.

**SEXTO.** Por último, e en relación a alegación efectuada en canto á forma de xustificación esixida no acordo plenario do 30 de marzo de 2017, sobre que as asistencias as que se refire a recurrente, que non poden ser xustificadas polo Secretario do Concello, nos termos recollidos no acordo recorrido, dado que no exercicio de tales competencias por delegación non está presente o mesmo, non podendo certificar o seu desenvolvemento, a xuízo desta secretaría, debe ser desestimada, dado que polos motivos expostos no apartado cuarto deste informe, debe ser desestimado o único motivo de impugnación da recurrente.

**CONCLUSIÓN:** A xuízo desta informante o acordo plenario adoptado o 30 de marzo de 2017, sobre recoñecemento a dona María Pardo Fafián, funcionaria do Concello de Bergondo, da compatibilidade para o desempeño do cargo de concelleira en réxime de dedicación parcial do Concello de Sada, axústase á legalidade vixente, e na súa consecuencia, procede desestimar íntegramente o seu recurso de reposición interposto pola interesada contra o mesmo..."

Visto que por esta alcaldía, solicitouse informe da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña; o Letrado adxunto don Andrés Fernández Maestre, emite informe o 5 de maio de 2017, conformado polo Letrado-Asesor Xefe, don Ramón V. López Rey, no que se recolle no seu punto 2 e na súa conclusións o seguinte:

**"...2.-Cuestiones que se plantean.**

Se solicita "da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, a emisión de informe xurídico sobre o mesmo, para elevalo ao pleno para a súa resolución"

**2.1.-La normativa a tener en cuenta es la siguiente:**

~ Art. 1 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas:

"1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley **no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño**, por sí o mediante sustitución, **de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público**, salvo en los supuestos previstos en la misma.

**A los solos efectos de esta Ley se considerará actividad en el sector público la desarrollada por los miembros electivos de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, por los altos cargos y restante personal de los órganos constitucionales y de todas las Administraciones Públicas, incluida la Administración de Justicia, y de los Entes, Organismo y Empresas de ellas dependientes. entendiéndose comprendidas las Entidades colaboradoras y las concertadas de la Seguridad Social en la prestación sanitaria.**

2. Además, **no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración COII cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas** y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales. o que resulte de la aplicación de arancel ni ejercer opción por percepciones correspondiente a puestos incompatibles.

A los efectos del párrafo anterior, **se entenderá por remuneración cualquier derecho de contenido económico derivado, directa o indirectamente, de una prestación o servicio personal, sea su cuantía fija o variable y su devengo periódico u ocasional.**

3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia"

~ Art. 2 Ley 53/1984:



"\ La presente Ley será de aplicación a:

c) **El personal al servicio de las Corporaciones Locales y de los Organismos de ellas dependientes**"

~ Art. 3 Ley 53/1984:

"l. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley sólo podrá desempeñar un segundo puesto de trabajo o actividad en el sector público en los supuestos previstos en la misma para las funciones docente y sanitaria, en los casos a que se refieren los artículo 5º y 6º en los que, por razón de interés público, se determine por el Consejo de Ministros, mediante Real decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma, en el ámbito de sus respectivas competencias: en este último supuesto la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.

**Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de la jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos.**

En todo caso la autorización de compatibilidad se efectuará en razón del interés público.

2. ... "

~ Art. 5 de la Ley 53/1984:

" 1. **Por excepción, el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño de los cargos electivos siguientes:**

a) **Miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas, salvo que perciban retribuciones periódicas por el desempeño de la función o que por las mismas se establezca la incompatibilidad.**

b) **Miembros de las Corporaciones locales, salvo que desempeñen en las mismas cargos retribuido. en régimen de dedicación exclusiva.**

2. **En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas "**

~ Art. 75.2 Y 6 LBRL:

